

Ámbito social

Módulo 3

Unidade didáctica 10

O século XIX. Imperialismo, I Guerra Mundial. A Revolución rusa. A época de entreguerras. Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II República e a Guerra Civil

2.2 O Mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución rusa

As imaxes que podemos ver do verán de 1914 deixan abraiado o observador actual. Mozos de toda Europa encamiñáanse cara á guerra coma se marchasen a unha gran festa. Todos pensaban nun conflito rápido e curto, no que, por suposto, a súa nación ía gañar demostrando o seu poder.

A realidade foi ben distinta. **A Gran Guerra** foi un conflito bélico completamente diferente ao que coñeceran as xeracións anteriores. Soldados de todo o mundo, de Europa e as súas colonias, dos EUA, do Xapón... loitaron en fronteiras que se situaron no corazón de Europa e en zonas distantes e exóticas.

As potencias industriais puxeron todo o seu poderío tecnolóxico ao servizo da guerra. O resultado foi demoledor. O sufrimento da poboación civil e os soldados alcanzou límites que ninguén podía concibir en 1914.

2.2.1 As causas da guerra

Os factores que nos explican o estalido da Primeira Guerra Mundial son moi variados. Estes son os principais

- A nova política internacional expansionista emprendida polo emperador alemán **Guillermo II** en 1890.
- O cambio na relación de **poder económico** entre as potencias, cunha Gran Bretaña asustada ante o poder industrial alemán e ao rearmamento naval emprendido polo goberno de Berlín.
- **Os conflitos entre as potencias coloniais** en África e Asia.
- A rivalidade territorial entre Francia e Alemaña polas rexións de Alsacia e Lorena.
- A rivalidade entre Rusia e Austria-Hungría pola hexemonía nos Balcáns⁷

A todo o anterior uniuse o ascenso de países extraeuropeos como os **Estados Unidos** e Xapón ao rango de **potencias mundiais**.

Nos anos anteriores á guerra, as potencias foron formando alianzas militares para defender mellor os seus obxectivos.




Portada de Le Petit Journal de 1908.

A Tripla Alianza (1882) ligaba a **Alemaña con Austria-Hungría e Italia**. Fora asinada en 1882, nos tempos do chanceler Bismarck. O Reich alemán e o Imperio austro-húngaro constituíron o núcleo central desta alianza.

O Triplo Acordo (1907) formado por **Gran Bretaña, Francia e Rusia** terminou por configurarse en 1907.

A crecente agresividade alemá levou a que Francia e Gran Bretaña puxesen fin ás súas diferenzas coloniais. A rivalidade entre Austria-Hungría e Rusia nos Balcáns empuxou a Rusia cara a esta alianza.

Durante a década anterior á guerra sucedéronse catro crises internacionais que marcaron a evolución cara ao conflito xeneralizado: Dúas tiveron lugar en Marrocos e enfrontaron a Alemaña e Francia; as outras dúas crises tiveron lugar nos Balcáns, onde Rusia e Austria-Hungría pugnaban por substituír a Turquía como potencia hexemónica.



Novas características da Gran Guerra

- Mobilización de grandes exércitos (ata 70 millóns de combatentes) e implicación do conxunto da poboación civil adoutrinada por unha eficaz propaganda nacionalista.
- Gastos incalculables, os gobernos deseñan plans económicos a **"economía de guerra"**.

- Consecuencias devastadoras: éxodo de millóns de persoas, grandes movementos de refuxiados etc.
- Participación de países europeos e non europeos, así como territorios coloniais.

A primeira rivalidade importante aparece entre Francia e Alemaña tras a guerra de 1871 (polo control de Alsacia e Lorena); por iso Bismarck (chanceler alemán) buscará que Francia quede illada mediante estratexias diplomáticas. Creou a Tripla Alianza (1882) formada por Alemaña, Austria-Hungría e Italia, mentres que Rusia permanecía illada.

Pero despois de Bismarck, Rusia abandonou o seu illamento e creouse outra alianza: o Triplo Acordo (1907) formada polo Reino Unido, Francia e Rusia. Estas alianzas déronse no medio dunha política de carreira de armamentos ou rearmamento industrial (1890-1914), por iso este período foi coñecido como a **Paz Armada**.

A outra rivalidade importante é a que xorde entre Alemaña e Reino Unido pola competencia industrial e naval entre ambas. A construción de barcos de guerra alemáns poñía en perigo o control británico dos mares.

Nacionalismos y rivalidades imperiales en Europa



Finalmente temos a rivalidade entre Austria-Hungría e Rusia porque ambos querían controlar a península balcánica. Austria-Hungría desexa ampliar as súas fronteiras e Rusia necesita controlar os estreitos para que a súa frota do Mar Negro poida chegar ao Mediterráneo, todo iso á conta dun débil Imperio otomán. Isto levou a tres crises: A primeira en 1908 pola anexión de Bosnia por Austria-Hungría. A segunda en 1912 pola vitoria da liga balcánica (aliada de Rusia) sobre os otománs, e en 1913 pola vitoria de Serbia na segunda guerra balcánica. A crise definitiva tivo lugar o 28 de xuño de 1914 cando o arquiduque Francisco Fernando, herdeiro ao trono austro-húngaro, foi asasinado en Saraievo (Bosnia). Un activista serbobosnio, Gavrilo Princip, membro da organización nacionalista serbia "A Man Negra", foi o autor do magnicidio. O xogo das alianzas levou a que un conflito local se convertese en europeo e mundial.

As futuras revolucións burguesas que se desenvolven ao longo do século XIX volverán os seus ollos cara a ela. Sucedeu así nas ondas de 1820, 1830 e 1848 e nos procesos de independencia colonial que deron orixe a novos Estados, como os da América hispana.

A Gran Guerra 1914-1918. Os bandos enfrontados

Ao longo do conflito, diversos Estados fóronse unindo aos dous bloques en litixio. As novas adhesións tiveron un papel clave á hora de definir o vencedor da guerra. Estes foron os principais países contendentes e o ano en que entraron en guerra.

Ano	Triplo Acordo ou Aliados	Imperios Centrais
Agosto 1914	Francia / Reino Unido / Rusia Serbia / Bélxica	Alemaña Austria-Hungría
1914	Xapón	Imperio turco-otomán ⁸
1915	Italia	Bulgaria
1916	Romanía	
1917	Estados Unidos / Grecia	
1918	Abandono de Rusia Paz de Brest-Litovsk ⁹	

Fases da guerra

O conflito desenvolveuse en diversas fronte europeas, africanas e asiáticas. Os dous principais escenarios foron: a fronte occidental, que confrontaba a alemáns con británicos, franceses e, a partir de 1917, estadounidenses; e a fronte oriental, na que os rusos loitaron contra alemáns e austro-húngaros.

Tras un breve avance alemán no verán de 1914, a fronte occidental estabilizouse en longa e brutal guerra de trincheiras, foi a “guerra de desgaste”. Mentres, na fronte oriental os alemáns avanzaron pero non de forma decisiva.

En 1917, dous acontecementos cambiaron o curso da guerra: os Estados Unidos entraron en guerra xunto aos Aliados; e Rusia, tras a revolución soviética, abandonou o conflito e asinou a paz por separado.

Finalmente, tras a ofensiva Ludendorf na primavera de 1918, o contraataque aliado conseguiu facer retroceder de forma decisiva o exército alemán. A derrota dos seus aliados e a revolución en Alemaña precipitaron a firma do armisticio o 11 de novembro de 1918. A Gran Guerra terminara.

Na historiografía distínguense catro etapas:

1. Guerra lóstrego ou de movementos (1914)

Alemaña executa o Plan Schliffen (que tenta evitar a guerra en dúas fronteas), un ataque rápido a Francia entrando por Bélxica e Luxemburgo. Fracasa porque son freados na **Batalla do Marne**.

2. Guerra de posicións (1915-16)

Ante a imposibilidade de romper as liñas inimigas, os exércitos escavaron **trincheiras** e manteñen as súas posicións. Este tipo de guerra obrigou ao desenvolvemento de novas armas: granadas de man, morteiros, metralhadoras, lanzachamas, gases asfixiantes, aviación, o tanque etc. Buscábase un punto débil nas defensas inimigas para romper a fronte por aí. **A batalla de Verdún** iniciada polos alemáns para romper as liñas e a de Somme iniciada polos aliados co mesmo fin, acabaron en táboas (con 1,8 millóns de mortos nas dúas). Italia cambia de alianza e entra na guerra contra Alemaña e Austria a cambio de promesas territoriais.

3. Mundialización da guerra (1917)

Os EE UU (aliado comercial do Reino Unido) declara a guerra a Alemaña polos seus ataques marítimos, e Rusia, tras a Revolución rusa, retírase da guerra (**Paz de Brest-Litovsk en 1918**).

4. Fin da guerra (1918)

Coa fronte oriental desaparecida, Alemaña fai un último intento de chegar a París pero fracasa. Nos Balcáns os seus aliados derrúbanse e réndense; asinan o armisticio Bulgaria, Turquía e Austria-Hungría. Alemaña queda soa. Estalan motíns no país polo que o káiser Guillerme II abdica e proclámase a República. Este novo goberno será o que asine a rendición alemá (11/11/1918).

Os tratados de paz

O 18 de xaneiro de 1919, os representantes dos países vencedores reuníronse na **Conferencia de París**, baixo a dirección do denominado Comité dos Catro: o presidente estadounidense **Wilson**, o primeiro ministro británico **Lloyd George**, o primeiro ministro francés **Clemenceau** e **Orlando**, o xefe do executivo italiano.

Os representantes dos derrotados non foron convidados á conferencia de paz. Os acordos, duramente negociados entre os vencedores e concretados nos diversos tratados de paz, fóronlles presentados como un feito consumado ao que simplemente debían encartarse.

Os alemáns, representantes da recentemente nada república de Weimar, asinaron o 28 de xuño de 1919 tras ser ameazados cunha invasión total do seu país. **En Alemaña empezouse a falar do "diktat", da imposición, de Versalles.**¹⁰

Os países vencedores foron asinando diversos tratados de paz con cada unha das nacións derrotadas:


O **Tratado (ditado) de Versalles con Alemaña**, o **Tratado de Saint-Germain con Austria**, o **Tratado de Trianon con Hungría**, o **Tratado de Neuilly con Bulgaria** e, sucesivamente, o **Tratado de Sèvres** e o **Tratado de Laussanne con Turquía**.

Consecuencias da I Guerra Mundial

- O mundo que xurdiu tras a catástrofe de 1914-1918 foi moi diferente do anterior á guerra.
- O máis evidente foron as terribles perdas humanas: oito millóns de mortos, millóns de feridos, mutilados, viúvas e orfos, e a destrución material que sufriu especialmente Europa.

Cambios sociais e ideolóxicos a raíz da Gran Guerra

- **De tipo demográfico:** 9 millóns de mortos, 6,5 millóns de inválidos e un elevado número de mutilados e orfos, forte descenso da natalidade.
- **De tipo económico:** Os países belixerantes endebédanse e os EE UU convertéronse no gran prestamista. Europa perde poder económico e aparece o nacionalismo nas súas colonias. **Os EE UU**, que gañaran a guerra pero non sufriran o conflito no seu territorio, **convertéronse na primeira potencia mundial**.
- **De tipo político:** Estados Unidos e Xapón convertéronse en poderosos Estados. Desmembramento dos grandes imperios (Austria-Hungría, Rusia, Turquía) e aparición de novos Estados: Polonia, Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Iugoslavia e Hungría. As monarquías tradicionais foron destronadas en Rusia, Austria, Alemaña e Turquía, e as repúblicas constitucionais e democráticas gañaron terreo.



- **De tipo social:** Implantouse aos poucos o sufraxio universal masculino e despois o feminino. **Progresiva emancipación da muller pola súa importancia laboral** ao substituíren os homes durante o conflito. A mobilización masiva dos homes levou á incorporación da muller ao traballo, o que supuxo un gran paso adiante no camiño da emancipación feminina.
- O triunfo da **revolución soviética e a crise social** que seguiu á guerra alentou as **protestas obreiras** nun clima prerrevolucionario en moitos países.
- O **exacerbado nacionalismo** alentado durante a guerra, unido ao medo a unha revolución comunista, desenvolveron un estado de opinión nas clases medias que foi o **caldo de cultivo dos movementos fascistas e de extrema dereita**.

ALEMAÑA	Alemaña tiña aceptado o armisticio tomando como base os "catorce puntos" de Wilson. Con todo, atopouse con que non se lle permitiu participar na conferencia de paz e foi tratada duramente na Paz de Versalles (O "diktat" de Versalles). A postura "dura" de Clemenceau impúxose. Ao ser declarada <i>"responsable do conflito"</i>, as perdas territoriais no leste e as enormes reparacións de guerra ás que se viu obrigada foron as cláusulas especialmente inaceptables para os alemáns.
ITALIA	Tras a firma dos tratados de paz, en Italia repetíase a frase "Gañamos a guerra, pero perdemos a paz". Así se resumía a xeneralizada sensación italiana de ser menosprezados en París e conseguir poucos beneficios tras perder 460.000 vidas humanas durante o conflito.
EUROPA CENTRAL E ORIENTAL	A aplicación do principio das nacionalidades a unha realidade tan complexa étnica e lingüisticamente como a desta zona provocou un delicado labor de deseño de fronteiras tratando de separar o que a miúdo era inseparable. As minorías nacionais foron a regra nos novos Estados xurdidos na rexión. A zona estaba chea de focos de conflito.
FRANCIA	A pesar de impoñer duras condicións a Alemaña, Francia non conseguirá que os países anglosaxóns se comprometesen a un pacto que garantise o seu apoio ante un eventual ataque alemán. A negativa norteamericana a asinar os tratados impediu esta aspiración francesa. A fragilidade da posición francesa quedou clara en canto Hitler reiniciou o rearmamento alemán na década dos anos trinta. Clemenceau acadara un tratado moi duro con Alemaña, con todo, non conseguira unha situación de forza que permitise a súa aplicación.
EE UU	A hexemonía dos republicanos durante os anos vinte marcou unha clara tendencia isolacionista. A negativa a entrar na Sociedade de Nacións levou a un desentendemento dos asuntos políticos europeos enormemente nocivo para a estabilidade mundial xa que EE UU era xa a primeira potencia mundial. Con todo, no terreo económico os norteamericanos non optaron polo illamento. A súa negativa a condonar as débedas dos aliados do Acordo, no lado negativo, ou a súa intervención para solucionar o problema das indemnizacións de guerra de Alemaña co Plan Dawes de 1924, no positivo, mostran como o isolacionismo non se deu nas cuestións económicas.

URSS	Tras intervir directamente e axudar o Exército Branco durante a guerra civil, as potencias vencedoras optaron por desenvolver o que se denominou "cordón sanitario" ao redor da URSS comunista, co establecemento dunha serie de Estados antisoviéticos que cercasen o novo Estado soviético. Tratábase de impedir a expansión do comunismo e debilitar a URSS. A URSS foi illada e non se lle permitiu o ingreso na Sociedade de Nacións. Outra gran potencia que quedaba fóra do concerto de nacións deseñado en París en 1919.
------	--



A Sociedade de Nacións

Woodrow Wilson, o gran promotor da idea, fixo que a Conferencia de París, que iniciara as súas sesións o 18 de xaneiro de 1919, aprobase o día 25 unha resolución sobre a creación dunha **Sociedade de Nacións**. En abril, a **Conferencia aprobou o Pacto da Sociedade de Nacións**, que foi anexado aos diversos tratados de paz. Entrou en vigor en xuño de 1919, cando se asinou o Tratado de Versalles.

A nova Sociedade fixou a súa sede en Xenebra (Suíza). As súas principais institucións eran unha Asemblea Xeral, un Consello, do que eran membros permanentes as grandes potencias, e un Secretario Xeral, encargado dirixir os máis de 600 funcionarios que traballaban para a Sociedade.

Tendo como **obxectivo esencial o mantemento da paz**, a Sociedade buscou garantir a protección dos pequenos países ante as grandes potencias. Tratábase de crear unha nova orde internacional baseada no principio da seguridade colectiva. O artigo 10º do Pacto consagraba este principio:

"Os membros da Sociedade comprométense a respectar e a manter contra toda agresión exterior a integridade territorial e a independencia política presente en todos os membros da Sociedade. En caso de agresión, de ameaza ou de perigo de agresión, o Consello determinará os medios para asegurar o cumprimento desta obrigaón."

A Sociedade de Nacións conseguiu algúns éxitos no seu labor, axudou a liquidar pacificamente algúns conflitos no período inmediato de posguerra e tivo o seu apoxeo no período 1924-1929 (Tratado de Locarno, 1925; Ingreso de Alemaña na Sociedade, 1926; Pacto Briand-Kellog, 1928), con todo, cando a situación internacional se enturbou tras a depresión de 1929, a Sociedade de Nacións mostrouse totalmente incapaz de manter a paz. Estes son os principais motivos:

Ausencia de potencias chave no concerto mundial

- Os EE UU negáronse a entrar en 1920 e nunca participaron.
- Á Alemaña negóuselle o ingreso en principio. Tras o Tratado de Locarno, adheriuse en 1926 para saír de novo inmediatamente despois do ascenso de Hitler ao poder en 1933.
- Á URSS tamén se lle negou o ingreso, accedeu en 1934 e foi de novo expulsada en 1939.
- Xapón marchou en 1933 e Italia en 1936.
- Falta de medios económicos ou militares para impoñer as súas resolucións.